

## **II CONCURSO DE CREACIÓN DUN SPOT PUBLICITARIO EASD MESTRE MATEO**

### **OBXECTIVO**

O obxectivo deste concurso é a realización dun spot publicitario que transmita a visión das alumnas e alumnos da EASD Mestre Mateo para a súa difusión, fundamentalmente a través das redes sociais.

### **PREMIO**

Este concurso ten un único premio en efectivo de 400€.

### **PARTICIPANTES**

Alumnos e ex-alumnos da Escola. A participación é gratuita.

### **ENTREGA**

Os vídeos presentaranse en **formato dixital** e en **Full HD**, en formatos .avi, .mp4 ou .mov.

A data límite para a entrega de vídeos será o venres **10 de Abril de 2015** entre as 11.30 e as 13.30 no despacho de vicedirección (2º andar).

A entrega realizarase baixo sistema de plica do seguinte modo: nun sobre grande rotulado cun lema ou seudónimo introducirase un pendrive titulado co mesmo lema ou seudónimo que conterá o vídeo, e un sobre máis pequeno, tamén rotulado co mesmo lema e pechado, que conterá os datos do autor ou autores: nome(s) e apelido(s), número(s) de teléfono e correo(s) electrónico(s).

Unha vez rematado o concurso e coñecido o gañador do mesmo, os pendrives poderán ser recollidos polos participantes no concurso. Os pendrives estarán a disposición dos participantes dende o 1 de Maio ata o 31 de Xullo de 2015.

## **BASES**

1. O spot debe incluír referencia ás 6 especialidades que se imparten na EASD Mestre Mateo, enlaces á páxina web da Escola, á de Facebook e ao canle de YouTube.
2. A duración dos vídeos presentados no debe exceder de 1 minuto.
3. As obras deberán ser inéditas.
4. Os participantes declaran ser autores da obra e posuír todos os dereitos sobre a mesma.
5. Se o vídeo contén música, esta deberá estar baixo licenzia Creative Commons ou similar, ou ser usada con permiso expreso do seu autor.
6. Deberase contar co consentimento tácito de aquelas persoas que aparezan no vídeo de forma recoñecible. Informarase antes de comezar a gravación de cal é a finalidade do vídeo. A Escola non se fará responsable de posibles demandas aos autores.
7. A Escola resérvase o dereito a que o premio quede deserto.
8. A Escola resérvase o dereito de modificar os fotogramas referentes á información de contacto e direccións web, sen modificar o resto da obra audiovisual.
9. Todos os vídeos presentados ao concurso poderán ser utilizados pola Escola con fins promocionais.
10. Haberá un só gañador, que recibirá un premio de 400€.
11. O logotipo da Escola pódese descargar na páxina web <http://www.easd.es/gal/a-escola/identidade-corporativa>.
12. O xurado estará composto por profesorado da Escola e profesionais

de reconocido prestigio.

13. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases polo concursante.